

11.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE MARZO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 10/2017 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 7 DE MARZO DE 2017.

Quedou pendente de aprobación.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse conceder LICENZA DE DEMOLICIÓN E DE OBRA para acometer obras de demolición parcial e conservación dunha edificación existente na Avd. Xosé Cuiña núm.12, en Lalín.

3.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

3.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para peche de parcela en Barreiro, 17 – Vilanova – Lalín.

3.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para canalización subterránea para subministro eléctrico a unha granxa no lugar de Rilleira – Goiás – Lalín.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL DE LALÍN.

5.- PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017. LIÑA 2.

5.1.- Acordouse solicitar ao abeiro das “*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017*” as subvencións para varias actuacións con cargo á *Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes.*

6.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

Quedou pendente para un mellor estudo.

7.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 16 DO PXOM.

7.1.- Acordouse continuar a tramitación do expediente de “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 16 DO P.X.O.M. DE LALÍN”

8.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.

8.1.- Acordouse aproba certificación de obra núm. 4 da obra “CONSTRUCCIÓN DUNHA E.D.A.R. CON HUMEDAIS ARTIFICIAIS EN ZOBRA”, PPOS/2016-Liña 1.

9.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

9.1.- Acordouse proceder á devolución do aval como garantía para a execución do contrato de mantemento de ascensores do Concello por importe de 359,00 €.

10.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITO.

10.1.- Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 148.183,13 €.

11.- FACTURAS E CONTAS.

11.1.- Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00018 por importe de 22.205,82 €.

12.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES CONCELLEIROS DELEGADOS.

12.1.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras para a concesión de subvencións para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais, solicitando as subvencións e axudas que figuran no expediente de solicitude.

12.2.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da Campaña promocional de Turismo “*Lalín, un interior único*” por importe de 6.390,13 €

12.3.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NA RÚA B” por importe de 12.600,75 euros.

12.4.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE DOUS PANEIS INFORMATIVOS NO CONCELLO DE LALÍN” por importe de 1.210,00 euros.

12.5.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “ELEMENTOS DE TEMPLADO DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL, ZONA URBANA-LALÍN” por importe de 23.486,10 euros.

12.6.- Acordouse autorizar a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente.

12.7.- Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía con carácter provisional ata o 14/03/2018.

12.8.- Acordouse aprobar a liquidación correspondente ao 2º semestre do ano 2016 do Canon do Parque Eólico Singular de Lalín por importe de 19.737,71 €.

12.9.- Acordouse aprobar a devolución de ingresos indebidos cantidade de 42,54 € correspondente ao depósito previo do imposto de Construcción, Instalacións e Obras aboada con data 15 de febreiro de 2017 por tratarse dun pago duplicado e polo tanto dun ingreso indebido.

12.10.- Acordouse outorgar a concesión de parcela para a construción de sepultura así como aprobar a liquidación.

12.11.- Acordouse solicitar a Área de Santiago a conta xustificativa do ano 2016 como se contempla na cláusula Décimo Primeira do convenio de referencia e comunicar a decisión do Concello de Lalín de non continuar na Agrupación de Concellos Área de Santiago.

12.12.- Acordouse aprobar a xustificación rendida polo perceptor do pagamento a xustificar aprobado por Resolución da Concellería de Facenda do 20 de febreiro de 2017 en concepto de anticipo da indemnización por razón do servizo das axudas de custe derivadas da orde de comisión de servizo, asinada pola Alcaldía con data do 2 de febreiro de 2017, para a presentación e promoción do Cocido do Orgullo 2017 en Madrid.

12.13.- Acordouse aprobar a xustificación rendida pola perceptora do pagamento a xustificar aprobado por acordo da Xunta de Goberno local en sesión do 13 de febreiro de 2017 para abonar os custes do catering e presentación do Cocido do Orgullo de Lalín na terraza do Hotel Room Mate Óscar en Madrid.

12.14.- Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos **PPREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2017.**

12.15.- Acordouse proceder ó reintegro de 363,00 euros a un funcionario municipal en concepto de pago de matrícula de dito curso.

12.16.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 250 €.

12.17.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados de atención sanitaria e sociosanitaria non cuberta polos sistemas públicos de saúde por importe de 105,08 €.

12.18.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social, para sufragar gastos derivados de atención sanitaria non cuberta polos sistemas públicos de saúde por importe de 250 €.

12.19.- Acordouse aprobar o CONTRATO DE CESIÓN DO DEREITO DE USO TEMPORAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE VILATUXE E DEMAIS INSTALACIÓNS, entre o Concello de Lalín, Presidenta do Vilatuxe Fútbol Club e Presidente da Asociación de Veciños de Vilatuxe.

12.20.- Acordouse aprobar o CONTRATO DE CESIÓN TEMPORAL DE USO DE TERREOS VOLUNTARIO E GRATUÍTO AO CONCELLO DE LALÍN EFECTUADA POLOS VECIÑOS DE PRADO NA RÚA CORPIÑO, PARROQUIA DE PRADO, entre o Concello de Lalín e o Presidente da Asociación de Veciños de San Martiño de Prado.

12.21.- Acordouse aprobar o CONTRATO DE CESIÓN TEMPORAL DO USO DE TERREOS VOLUNTARIO E GRATUITO AO CONCELLO DE LALÍN EFECTUADA POR D. FRANCISCO CUIÑA VILA E D^a. GLORIA GONZÁLEZ PÉREZ, PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUAIS NO LUGAR DE VILAR DO RÍO, NA PARROQUIA DE BENDOIRO.

13.- CORRECCIÓN DE ERROS.

13.1.- Acordouse corraxir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 1º de marzo de 2017 punto 9.4.

14.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

14.1.- Dáse conta da solicitude presentada para a consultar e examinar un

expediente.

14.2.- Dáse conta da solicitude presentada para a consultar e examinar un expediente.

14.3.- Dáse conta da autorización municipal para pernoctar en Lalín no pavillón municipal cun grupo 70 persoas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela chegando pola mañá o día 24 de xullo de 2017, e saíndo o día 25 de xullo de 2017.

14.4.- Acordouse desestimar a autorización municipal para que lle sexa concedido un espazo ou sala do Concello de Lalín para impartir unha serie de catro charlas gratuitas (crisis, unha oportunidade no camiño, as relacións como espello, lei da atracción e o Karma e a sanación – terapias complementarias).

14.5.- Acordouse conceder autorización para utilizar o Auditorio Municipal, previo o pago da taxa aprobada “Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais e polo uso das súas instalacións por importe de 320 euros.
